

i

Centro de Información ás Mulleres

Avda. do Balneario, 10 baixo

15142 Arteixo. A Coruña

Tel. 981 601 415

Fax 981 601 558

muller@arteixo.dicoruna.es

abcd
efgh
ijklm
nop
qrstv
wxyz



Centro de
Información ás
Mulleres



Concello de Arteixo



Plan de Igualdade de
Oportunidades Municipal

Colaboran:

El Ideal Gallego

laopinioncoruña

**VIII Certame Xornalístico
Dora Vázquez**
2010

O Concello de Arteixo, a través da Concellaría de Muller, convoca o VIII Certame Xornalístico

Dora Vázquez 2010

Con esta actividade quérese difundir a opinión das mulleres en todos os ámbitos, estimular o pensamento e a escrita no ámbito político, social, económico, deportivo e cultural, facendo fincapé na situación historicamente desigual das mulleres, na difusión da súa creación literaria e a escoita da súa opinión.

1.- O Concello de Arteixo a través da súa Concellaría de Muller, convoca o "VIII Certame Xornalístico Dora Vázquez" 2010

2.- Poderán concorrer a él todas as mulleres que o desexen cun artigo de opinión inédito, único e orixinal, de temática libre e escrito en galego. As autoras serán responsábeis do contido dos artigos.

3.- Os artigos deben ter unha extensión de entre 1.500 e 2.200 caracteres, escritos en papel DIN A4 por unha soa cara. O artigo deberá ir titulado e cun lema da autora.

4.- Os traballos presentaranse por cuadruplicado nun sobre grande pechado. Neste sobre non poderá figurar o nome nin ningunha outra referencia á autora do artigo. Dentro deste sobre incluírase un sobre pequeno, tamén pechado, que levará escrito por fóra o título do artigo e o lema da autora. No interior figurará unha fotocopia do DNI da autora, teléfono de contacto e, de ser o caso, enderezo de correo electrónico.

NOTA: O Concello dispón dun servizo de Normalización Lingüística, que poderán utilizar as autoras antes da presentación do artigo a este Certame.

5.- Os artigos poderanse presentar ou enviar, facendo constar:

"PARA O CERTAME XORNALÍSTICO DORA VÁZQUEZ", antes do 01/02/2010 ao:

e Concello de Arteixo
Plaza Alcalde R. Dopico, 1
15142 Arteixo - A Coruña

6.- Establécese un único premio dotado de 600 E e sometido á retención legal establecida. O premio pode quedar deserto.

7.- O xurado, designado polo Concello de Arteixo, fará pública a súa decisión inapelábel no mes de marzo, cando se fará entrega do premio nun acto convocado a tal fin. A autora premiada comprométese a asistir a este acto.

8.- Os orixinais non premiados poderán retirarse no prazo dun mes dende o fallo do xurado, na Concellaría de muller

i Centro de Información ás Mulleres
Avda. do Balneario, 10 baixo
15142 Arteixo

Transcorrido este prazo, os artigos non premiados que non sexan recollidos, serán destruídos.

9.- A autora premiada renuncia aos seus dereitos económicos en caso de que o Concello publique o texto. A obra gañadora será publicada no xornal, "El Ideal Gallego" e "La Opinión", da Coruña.

10.- A interpretación das bases corresponde ao xurado. O feito de participar supón por parte das autoras a aceptación destas bases.